Toma a palabra o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Eu vou a retrotraerme o 2008, dicir que a partir do 2008, por parte deste grupo popular, vimos advertindo o equipo de goberno a situación que se estaba xenerando, que había que tomar medidas que a situación viña difícil e que por parte do equipo de goberno se había incrementado o capítulo 1 e o gasto corrente se incrementaba, a partir do ano 2009, se aproba un Plan de Saneamento Financiero neste Concello, aprobado por unanimidade por todos os grupos municipais, nas que polo Sr. Secretario-Interventor se fan unhas valoracións, e se ve claramente que a partires do ano 2008 a economía en Ares, teño unhas gráficas están aquí, vai en caida libre, todas en caida libre, este é o informe financiero, eso significa que ó incrementar o capítulo 1, e o capítulo 6, claro os ingresos empezaron a mermar, e chegamos a esta situación, nos entendemos e dicimos que se hai diñeiro que se gaste, pero si non o hai que non se gaste e que se teña coidado coa situación. Sería más lamentable que nos o dixemos cando foi o Plan E, que tamén estamos en contra da situación do Plan E, porque era xenerar en moitos Concellos, e aquí tamén o denunciamos que había obras innecesarias que se meteron no Plan E e na maioría dos Concellos de España, pero ó final do último ano do Plan E xa se meteu algúna partida económica para o gasto corrente como pode ser tamén por parte da Deputación que tamén se meteu o POS deste ano e o anterior a gasto corrente senón a situación sería moito más caotica. Quere dicir esto que por parte do Equipo de Goberno có Plan de Saneamento non se cumpliu nada, se incumpriu totalmente e a partir de ahí a situación é o a que é, a nos non facía falla ver os números, e xa o dixen por activa e por pasiva, nos tiñamos unha situación económica, e pechamos os 8 anos que eu estiven de Alcalde con aforro neto positivo, e dicir que gastábamos menos do que ingresábamos, e aun así tiñamos dificultades para pagar, tiñamos un retraso de 6 meses no pago de facturas. Claro o baixar os ingresos e ó incrementar o capítulo 1 e o capítulo 6, está claro que esto ten que ir engordando e que a morosidad se ía a ir incrementando, esta situación non fai falla ver ningún documento porque eso é así. Nos con respecto o tema das facturas que hoxe veñen aquí vese claramente que hai unha alegría no gasto, por significar algunha delas podemos ver aquí levar 1700 euros en refrescos para a nave almacen.



Resposta o Alcalde que son para Protección Civil, van para o almacén porque está no almacén, pero cando se fai a regata, o de coca-cola do maratón, eso é para protección civil.

O Sr. Manuel Cendán, di que hai unha serie de gastos que se xeneran aquí, como pode ser o tema de comunicación o tema de comidas, e dicir que había unha alegria económica, a mí pareceme ben que exista esta alegria económica se hai alegria de ingresos.

O Sr. Alcalde: Manuel a ti cando te ven alguen a inaugurar algo ¿non o invitás a comer?.

Sr. Manuel Cendán: Pero hai cousas que se poden e cousas que non se poden facer Julio, a situación económica, cando hai se gasta e cando non hai, temos que apretarnos.

Sr. Alcalde: te gastan en Redes 3 millóns de euros, e ven o de Costas co Secretario de Estado, e non os levas a un sitio a comer.

Sr. Manuel Cendán: O mellor sí, hai que lévalo un día pero outras cousas non as hai que facer, eu non digo que nun tema puntual non se vaia a gastar, eu estou xeneralizando o gasto, que se gastaba moi alegremente en moitas cousas que eran innecesarias sabendo a situación económica que temos Julio, eso é o que eu quero chegar, cando hai diñeiro se gasta eu tiven ingresos e gastei porque había, nos non estamos agora criticando que te acollas ó Plan, pero a nosa alternativa é completamente distinta, tes que tender que aquí xa falamos na Xunta de Portavoces o tema de axuda a domicilio, nos tiñamos 10 persoas agora se masificou, se multiplicou por tres, hai que darrle unha volta a eso, xente que igual é innecesaria, hai que darrle unha volta ós servicios, as familias e sabendo que hai crise teñen que aportar, entre todos temos que mirar e darrle unha volta a todos os servicios haber si se pode aforrar, decir que no tema do persoal, non me quero repetir moito. Falaches do Concello de Neda, hai once concellos que non se van a acoller a este Plan, a situación económica do Concello de Neda seguramente que non é similar ó de Ares para nada, miremos o Concello de Mugardos que é o que temos ó lado, temos agora mesmo 1000 habitantes más.

Sr. Alcalde: O Concello de Mugardos ingresa un millón de euros da Planta de Gas.



Sr. Manuel Cendán: a situación en gasto de persoal e en gastos, eu podo dicir que este ano eu o sei porque falei co Alcalde, este ano aforrou un millón e pico de euros, sabían da situación económica que viña e non gastaron nada, o que digo eu cando as cousas veñen mal hai que tomar medidas, no tema de subida de impostos, non estamos de acordo en subir masivamente, hai outras alternativas como pode ser reconducir os temas de axuda a domicilio, como pode ser o persoal, o tema de gratificacións que nos vimos denunciando de anos que se estaban dando, por haberá que eso prácticamente deixalo a cero, nos está a economía municipal para andar gratificando a ninguen, aquí todo o mundo ten un horario e cobra un salario, e bastante considerable porque somos dos Concellos que máis pagamos na comarca e na provincia, ese tema o hai que reconducir e deixalo a cero. E con respecto o tema que falaches da adicación exclusiva, nos estamos de acordo que o Alcalde ten que ter unha adicación exclusiva que ten que adicarse a esto, eu cobraba a miña asignación eran 41.000 euros, a túa é 43.000 euros.

Sr. Alcalde perdona non é así, eu baixei a túa, non é así.

Sr. Manuel Cendán: será polo IPC, pero eu o digo porque o mirei no 2006, pero non é significativo, non nos parece ben que os grupos da oposición nos baixes as asistencias, a túa a adicación exclusiva, ainda que sexa un tema de xesto.

Sr. Alcalde esta FEMP debatinto o soldo dos Alcaldes, e o sabes, e estou esperando a resolución da FEMP.

Sr. Manuel Cendán, pero se ti presentas aquí que nos baixas o salario, os que cobramos unha asistencia de 70 euros por vir a un Pleno ou unha comisión, e nos baixas a asignación ti que eres o responsable da economía e do goberno deste Concello, pois teras que ponerte á cabeza e dicir que si o baixo os meus compañeiros eu terei que baixalo tamén, ainda que sexa unha cousa insignificante pero polo menos ter ese xesto, porque claro e insolidario que os demás paguemos a crise e a situación económica do Concello e por parte do Alcalde que foi o responsable é e o responsable da situación, que non faga ningún xesto.

Sr. Alcalde, o xesto xa o fixen o ano pasado sen crise e con crise, o ano pasado baixouse casi un 10, e agora estou esperando pola FEMP, eu coa progresión do IPC co soldo de Manuel se pasaba a cobrar más que o Alcalde de Ferrol, e eu non quería cobrar más que o Alcalde de Ferrol, e eso é testigo Manuel e se baixou para



que o Alcalde de Ares non saíra nos xornais dicindo que cobraba más que o Alcalde de Ferrol, e eso implicou baixar un 10% con crise e sen crise, e o fixen porque xa veía eu a mandanga de que o Alcalde de Ares cobraba más que o Alcalde de Ferrol, tiven vista neso e o baixei un 10%.

Sr. Sixto Galiano: entonces foi por eso.

Sr. Alcalde: claro que foi por eso.

Sr. Sixto Galiano: se baixou para non cobrar más que o Alcalde de Ferrol, non por cuestión de que funcione mellor o Concello.

Sr. Alcalde: se non entedes o castelan é teu problema, en consecuencia sigo explicándote, entonces agora estou esperando a resolución da FEMP pola crise, no seu momento baixouse un 10% polas razón que foran, razóns que lóxicamente levaron a esa decisión, e agora se está esperando a Resolución da FEMP, esta facendo unhas taboas relativas os soldos dos Alcaldes, e en consecuencia se está esperando a esa decisión.

Aberto o segundo turno de intervencións toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesías Farías: Falase do Concello de Neda, a mí a verdade nunca me gustou compararme con outros Concellos, porque cada Concello ten a súa particularidade, pero a mí me gustaría estar como outros Concellos a maioría da comarca que non están na nosa situación económica, nos dís que no 2009 votamos a favor da adicación exclusiva.

Sr. Alcalde, non da adicación exclusiva non, votachedes a favor do presupuesto.

Sr. Mesías Farías: No ano 2009 o BNG negocio co PSOE, e cando un negocia da algo e a cambio recibo algo, e nos aprobamos ese orzamento porque puxemos enriba da mesa unha cantidade de diñeiro para o Colexio e outra para a reposición da Rúa María, e a cambio deso ía incluido ahí o deses postos de confianza, pero o primeiro ano xa o denunciamos, sempre os denunciamos. Falas do efecto dominó, pois algún día haberá que corrixir algo o efecto dominó, o que pasa que vostede mantense no efecto dominó e non se da conta de que algún racha como rachou, con respecto a adicación exclusiva, non sei porque saca sempre a colo o tema da adicación exclusiva cando sabe que nos antes de que vostede tivera a adicación exclusiva o BNG de Ares xa dixo que o Alcalde de Ares debería ter adicación exclusiva, vostede daquela tiña o traballo en Santiago e decidiu que compaxinaba as duas cousas, e o BNG xa dicía que o



Alcalde de Ares debería ter adicación exclusiva, por certo cando foi a praza de Secretaria e a praza de Xornalista, vostede atribuía que como non estaba no Concello pois lle votaban unha man, agora ten adicación exclusiva e máis segue mantendo esas prazas. Acabo de enterarme agora que o Alcalde cobra menos que o Alcalde Ferrol, mil euros menos ou non sei canto.

Sr. Alcalde, non sei decir, é un tema que é fastidiado, e a min me interesa explicalo, é pernicioso, eu efectivamente me tería que poñer o soldo que tiña na Universidade, de acordo, porque teño dereito a el, eu teño a sorte de ter un traballo fora do Concello, e o que lle tiña que aforrar o Concello de Ares como Alcalde o aforrei durante catro anos, de acordo, este señor cobrou os oito anos de Alcalde.

Sr. Manuel Cendan: é mentira Julio, eu tiven adicación a última lexislatura, na primeira lexislatura cobraba cen mil pesetas ó mes, eu tiven adicación exclusiva do 2003 ó 2007.

Sr. Alcalde: E un tema recurrente e a verdade, que efectivamente a culpa a teño eu por entrar, pero o que eu lle tiña que ter aforrado ó Concello xa o aforrei, porque durante 4 anos non cobrei unha adicación exclusiva como Alcalde, e me ia todos os días a Santiago a dar miñas clases, en catro anos a situación se me complicou e loxicamente non estou para eses trotes. Entonces o que lle tiña que aforrar xa o aforrei durante catro anos que non a tiven, e de oito anos que vou para Alcalde, teño adicación exclusiva e non levo nin un ano nela, porque a teño desde setembro e estamos en marzo, levo meses con ela, e vou para oito anos de Alcalde, e sempre sacando o tema, a min me parece moi ben que o saquedes, me parece estupendo que me votedes en cara o da adicación exclusiva, que para oito anos de Alcalde levo cobrando 8 meses, agora flaco favor lle facedes á dignificación da vida política no Concello.

Resposta o Sr. Mesias Farias por alusíons: volvo a repetir que nos non lle votamos en cara que teña unha adicación exclusiva.

Sr. Alcalde pero votachedes en contra.

Sr. Mesias Farias, porque non estamos de acordo coa maneira de calculala, e cando veña eso no que están traballando haber o que ten que cobrar un Alcalde, veremos se temos nos razón ou non.

Sr. Alcalde: eu cobro a que cobraba el, e a baxei para non cobrar máis que o Alcalde de Ferrol, el sí que cobraba mais que Juncal.



Sr. Mesias Farias, a cuestión non é cobrar máis ou menos que un Alcalde determinado, a cuestión e saber que vara de medir hai que poñer, para fixar a adicación exclusiva, non te vou a criticar porque teñas adicación exclusiva, porque nos antes que ti te dixemos que tiñas que ter adicación exclusiva. Polo tanto no único que non estamos de acordo é na vara de medir, ti xustificaches que non ías a vir aquí gañando menos que na universidade, e eu che dixen que non se pode tomar como referencia o posto de traballo do Alcalde, o que non é loxico e que veña mañá un mil eurista que sexa Alcalde, e porque se poña 2000 euros se lle vote en cara que ven aquí a gañar o que non gaña no traballo, por eso é onde nos non estamos de acordo, no demás estamos de acordo. Se vostede sabe que ten un gasto de agua, de Fenosa, de tal, recoñecerá que non se pode pasar noutro tipo de gastos.

Ordenanzas Fiscais, nos acaba de dicir que cando foi o das Ordenanas Fiscais aportacións ningunha, cando foi eso nos presentamos o día 30 de agosto do 2011 unha serie de datos, ante os servicios prestados pola empresa Virxe do Carme, nos queríamos saber unha serie de datos, (30 de agosto 2011), número de persoas os que se lle debe ofrecer o servicio de axuda a domicilio, criterios para asignación dos devanditos servizos, persoal que presta o servizo, custos que suponen os mesmos.

Sr. Alcalde: e que aportas, eses son uns datos os que tesdereito.

Sr. Mesias Farias: esa pregunta a volvemos a facer o día 19 de decembro porque non tivemos resposta, pero tamén pedimos número de recibos de abonados no abastecimento de auga, consumo anual de auga e prezo da tonelada, consumo por tramos, contrato actualizado da xestión de Aquagest, 15 de decembro e non se nos respostou, vostede o que quixo coas taxas, e que cada un de nos fixera unha parte e votamos a favor, ben vostede está gobernando e é vostede o que o ten que facer, e nos temos que facer un seguimento e facer alguma aportación, o que non pode ser é que vostede dé o traballo como fixo tamén no Plan Xeral de Ordenación Municipal. Nos tamén creemos que hai que endebedarse, dice que Jorquera está dicindo todo o día eso, claro, pero o que non dice é que o Concello en casi 4 anos ten que endebedarse en casi 3 millóns de euros, gastos que son totalmente prescindibles. Dubidamos da legalidade do concepto de auga os que non están empadroados, non vaia a ser que esto vaia causar un efecto rebote, un matrimonio que teña unha casa en Ferrol e teña unha casa en Ares, por non estar empadroado se lle cobra máis, e un dos dous veña aquí a empadroarse para non pagar, non vaia ser que faga este efecto. O problema é que os orzamentos non eran reais, se hai unha partida para pagar a FENOSA nos orzamentos e non se paga será porque estaba mal presupuestado, pero



que eso se practicou en todos os orzamentos, e nos cando votamos en contra dicimos que non porque non son reais, e agora vense a demostrar que as contas que se presentaban non eran reais, e más vostede fixo o mes pasado o Pleno dos Orzamentos 2012 a sabendas porque aquí viña, se esto é antes vostede desde logo non está lexitimado para facer o que fixo co fichaxe estrela do Asesor en materia de PXOM e hai que dicir outra cousa vostede nos rebaixa nas asistencias pero támén habería que mirar si esa rebaixa debería ser lineal ou practicar outro tipo de rebaixa, sabemos o que se cobra por Comisión de Goberno, e sabemos que agora hai outra nova Comisión que vai a cobrar igual que a Comisión de Goberno, polo tanto o gasto se vai a disparar, entonces todas esas cousas hai que telas en conta, moitas grazas.

Resposta o Sr. Alcalde: O gasto non se vai a disparar porque eso efectivamente é cuantificado, o fichaxe estrela son 1000 euros ó mes, cando veña esa Comisión xa o dixen o único que a vai a cobrar será o Presidente, seguides dandolle voltas e ese fichaxe estrela son 1000 euros ó mes, e loxicamente a Comisión de seguimento o PXOM son efectivamente unha reunión á semana e son 800 euros o mes, entonces non quitemos as cousas de quicio porque efectivamente, esta claro que non da pe para nada máis, cando foi a xunta de Voceiros, eu repartir as Ordenanzas e dixen quen quere ser ponente, facer unhas ponencias e o estudamos, o que pasa que efectivamente aquí hai Concelleiros que se pensan que o Alcalde e o seu Secretario, e eu non son o voso secretario, ainda que cando os retrasades as Comisións eu vos chamo, como me chaman a mí, pero loxicamente eu non son o voso secretario, intento que as cousas funcionen ben, e se pedides que se miren as Ordenanzas en Xunta de Voceiros, eu convoco a Xunta de Voceiros para miralas, e non fixeches ningunha aportación, e o que me preguntachedes a mí foi a Comisión de Servicios Sociais, e a mí me gustaría Manuel se ti te lembras das listas de usuarios que o principio eu non as quería deixar ver por protección de datos, que vichedes ata as listas de usuarios, viñeron as listas de usuarios de axuda a domicilio e as listas de usuarios de dependencia, e o final deixen hai as tedes e vimos as listas de usuarios, entonces parece mentira que sempre andedes olvidando. Nunha Comisión de Servicios Sociales onde falabamos dos 140.000 euros efectivamente se levaron as listas de usuarios por certo todos os Concelleiros membros da Comisión de Servicios Sociais temos deber de reserva temos unha obrigación de gardar segredo profesional respecto dos datos que coñecemos en exercicio do noso cargo, e ti hai efectivamente e que me pides os usuarios, me preguntas por escrito polos usuarios, e eu o levei a Comisión de Servicios Sociais, foron alí os usuarios, vosa memoria selectiva os obriga a non lembrar



aquello no que non tedes razón. Os non empadroados no servizo da auga, efectivamente levavamos aquí moitos anos onde os do pobo financiábamos os de fora, porque, porque non pagaban nin o consumo, de 6901 recibos 2000 eran tipo cero, porque como se cobraba o auga consumida, e a mitade do ano non vivían o recibo non pagaba nin o papel en que efectivamente se imprimía, en consecuencia xa é hora de que os de fora nos financien algo a nos, porque o non uso das tuberías as deteriora, as tuberías se manteñen polo uso, unha tubería que efectivamente soamente funciona dous meses ó ano, hai que ir a un mantemento, en consecuencia efectivamente hai un tema de mantenimento, e logo hai un tema de extensión de rede, aquí o que está servido que pasa non mira para os de Lubre, os de Lubre non teñen auga, en Caamouco efectivamente hai zonas onde non hai auga, que pasa, que aquí un está servido e xa non ten que financiar as extensíons de rede, pois efectivamente os de fora se lle cobran 2 euros máis, porque primeiro hai que manter a rede e segundo hai que extendela, porque hai que seguir levando a auga á xente, e eso costa diñeiro, en consecuencia efectivamente xa vai sendo hora de que os de fora nos paguen algo, que por certo cando van a praia e se usan as duchas, tedes que ver a factura da auga en verán, e somos os do pobo e tamen os de fora que nos aumenta a poboación, e todo o mundo quere ducha na praia, con que se paga eso, pois efectivamente xa digo que os de fora vai sendo hora de que paguen algo.

Interven a Sra. Martínez Martínez: nunca se levou a lista de usuarios, si falamos dela pero nunca se levou.

Sr. Alcalde: si se levou, se levaron as listas, as tiña eu, e vos dixen que sabedes que hai obriga de gardar segredo profesional polos datos se coñecen en función do cargo, e puxemos as listas enriba da mesa, para que se viran todos os usuarios, e efectivamente se levaron as listas, e eu falei expresamente da obligación de reserva, porque o BNG me preguntou polos usuarios, entonces eu o levei a Comisión, entonces en Comisión se veía o que se recadaba e foi o día que vimos que había 140.000 euros de déficit porque vimos efectivamente os listados, agora é certo que ningun comentou nada, foi unha cousa loxicamente razonable, o pediu o BNG e eu os levei a Comisión, dixo lista de usuarios e se levou.

A Sra. Martinez Martinez, se o BNG cada vez que pide unha cousa a ten que pedir por escrito.

SR. Alcalde: Eso me o facía a mí Cendán, Cendán cando era Alcalde so me deixaba despachar co Secretario os martes e os xoves as 8 da mañá, vosotros



entrades no despacho do Secretario cando queredes, e por certo tiña que pedir todo por escrito, agora non vexo que os Concelleiros entran nos diferentes despachos e se piden unha información que se lles pode dar, se lles da, e se non se lles pode dar efectivamente non se lles dá, e dicir eso sigue sendo loxicamente como sempre.

Sr. Mesías Farías, eu estou de acordo a información que se poda dar que se de, pero nos o que pedimos non foi o nome, foi o número de persoas as que se lles está a ofrecer o servicio de axuda a domicilio, eu non vou a ser ponente de algo se non teño os datos, e os datos os pedimos e non os temos.

Cando se aprobou a suba da auga da outra vez, que nos criticamos e puxemos aquí os datos, e decías que non que non eran eses datos, logo na Comisión recoñeciche que si era así, que esa suba lineal non debería ser, porque estaba gravando menos os que máis consumían.

Sr. Alcalde, a verdade é que desdibuxades todo, a subida da auga era para quitar o déficit nada más, dixen que a proporcionalidade viría despois, e fumos a Xunta de Voceiros e dixemos que se trouxeran propostas, e ningunha, por eso eu fago unha hoxe.

Interven o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Bueno eu bou a empezar polo orzamento do 2012, no seu día cando veu a debate o presupuesto o dixen claramente, temos que aprobar o Plan de Axuste ata o 30 de marzo e dixen posponemos o presupuesto municipal a partir desta data, e agora con estas propostas que se traen por parte do goberno municipal está claro que é papel mollado, o presupuesto que se acaba de aprobar é papel mollado, tanto os ingresos como os gastos, entonces nos vemos nunha disiuntiva, que é o que digo eu, desa situación se nos facemos fincape nese presupuesto vamos a xenerar facturas no 2012, xenerar facturas ahí que non se van poder acometer, o que había que facer este ano era adaptarse ó Plan de axuste, creo que é o que se tiña que facer, eso queda demostrado e o presupuesto para o tema económico nada de nada. Con respecto ó informe do Sr. Secretario, no punto catro e no punto 5 fala aquí dunha serie que quedou fora da relación de facturas, de CONCIFA e de AQUAGEST, eu pregunto agora ó Sr. Secretario ¿Agora as empresas teñen dereito a reclamar si as obras se fixeron ou non se fixeron?.

Sr. Alcalde, haber Manuel perdona as de CONCIFA están sin conformar, non se pueden incluir facturas que non estén conformadas, e as de AQUAGEST son dúbidas.



Sr. Manuel Cendán, pero si eles se pode acoller como o caso de CONCIFA, se os servicitos técnicos municipais ou do Director de Obra de algunha delas como pode ser os muros, o Camiño dos Galgos que xa ven da época na que estaba Suso, porque esa obra é de Suso o Concelleiro que foi do BNG, mira de onde ven eso, eso xa o herdei eu.

Sr. Alcalde, eso ten que presentar unha reclamación, non so é que a obra este, ti vas alí e a obra está, o que pasa e que están sen conformar, eu non as vou a conformar, se ninguen a conforma non entran, entonces hai unha serie de facturas de AQUAGEST que eu non sei de que son, entonces non as vou a conformar, e hai unha serie de facturas de CONCIFA que se poderá ir alí e velas, pero o Concelleiro ou o Alcalde que as encargou non as conformou, ti sabes que efectivamente conformei moitas facturas túas, pero é que cumprian todos os requisitos pero estás non os cumplen. Primeiro nas superiores ó tope para a Contratación Directa como o vas a conformar, como vas a conformar unha factura de 41.000 euros sen procedemento de contratación, entonces o que queda fora son facturas que non se axustan ó Plan, entonces son facturas anteriores a esta lexislatura, ou facturas heredadas e lóxicamente non cumplen os requisitos para poder integralas no Plan, entonces por moito que recurran non se van a incluir porque non cumplen os requisitos do Real Decreto Lei.

Interven o Sr. Secretario Xeral: As persoas que non entren na relación certificada, terán dereito a pedir unha certificación individual para súa inclusión, e aportaran outra vez de novo o que dí o Alcalde, se non o aportan non poderán incluirse.

O Sr. Manuel Cendán, con respecto o tema de AQUAGEST dicir que cando se asinou o convenio do contrato con AQUAGEST, tiña que facer unha obra falo de memoria non sei si 40 ou 50 millóns de pesetas en aquel entonces, daquela estaba Vilasánchez e os do Bloque, tiraron de facer obras a maiores con ese diñeiro, se pasaron e de ahí aparecen todas esas facturas. Eu cando entrei de Alcalde viñeron a falar conmigo, nos revisamos as tarifas e foi cando me contaron que se lles había encargado obra e se pasaron, o final cando se valoraron as obras se pasou da contía, esa é a situación. Con respecto a unha afirmación que fiseche sobre o tema de endebedamento que non nos deixan endebedar, eso non é do goberno do PP, o PP acaba de entrar eso está por Lei, e ven de gobernos anteriores, e deixar claro que si nos se a debeda viva do Concello que non quedou clara aquí, dixeche que esta preto do 100 pero pasa do 100, se un 1.800.000 euros ten un 43%, catro millones oitocentos



mil supera o 100%, hai que facer unha regra de tres é fácil, e más ou menos estamos no límite do que marca a Lei, e esa é a situación real do Concello.

No tema das adicacións exclusivas, na primeira legislatura eu gañaba 600 euros ó mes, por asistir as Comisións e os Plenos, 600 euros ó mes sen dar de alta na Seguridade Social, ese era o meu salario durante os meus primeiros catro anos, eu me puxen adicación exclusiva porque me din conta que eu estaba aquí todo o día no Concello, que era o más responsable, calquer cousa que pasaba no Concello a responsabilidade é do Alcalde, non e xusto que calquer funcionario que non teña firma e que non teña ningunha responsabilidade este gañando un salario superior ó Alcalde, ese foi o motivo, en canto á cantidade eu fixen un rastreo de todos os Alcaldes con poboación similar a Ares de cinco mil habitantes, e foi o salario que eu me puxen. Non se pode entrar en comparacións, porque ti non te podes equiparar o de Neda que o de Neda no cobra adicacion exclusiva. Se o de Ferrol porque lle de a gaña, porque esta solteiro non quere cobrar ti non vas a deixar de cobrar, e eu vexo iloxico que o Alcalde de Ferrol este cobrando trinta e pico mil euros, me parece insólito que o Alcalde dunha Cidade cobre ese diñeiro, bueno pois é unha situación persoal del, se lle chega, esta solteiro non ten familia, pero porque el poña ese salario ti non vas a condionar o teu, quero que quede claro eso, eu non cobraba máis que o Alcalde de Ferrol, creo que eran dous ou tres mil euros abaxo, creo que era así. Eu tiña adicación exclusiva, e falando do persoal de confianza, eu cando entrei de Alcalde, Vilasánchez tiña a Mayobre de secretario particular, e o mantiven conmigo, era un funcionario, despois se necesitaba no rexistro e subeu para o rexistro, e baixei a Carmiña, Carmiña estivo de secretaria miña, entonces viu Mercedes a pedir que necesitaba unha persoa arriba, e o final a levou, despois baixei a Monste que estaba en servicios sociais, e despois Conchi que foi a primeira cobrou, entrou no Concello polo Plan Labora, unha persoa capacitada que traballaba en todos os departamentos e coa baixa de Jesús nos tiñamos a necesidade e foi cando a contratamos a primeira vez pero nos dos últimos anos do meu goberno tiven unha secretaria particular, pagada que non fora funcionaria, pero as tres primeiras persoas que tiven eran funcionarios municipais. Co tema dos medios de comunicación, mira eu tiña adicación exclusiva e o que tiña, dicir que había moito máis volumen de traballo, tres veces mais e eso non se pode dubidar polo tema do boom que tiña este Concello, o tema dos medios de comunicación xa os respondaba, a min chamabanme a diario todos os medios de comunicación, e eu persoalmente co teléfono lles respondaba e cando lle quería dar unha noticia a daba, e aforrábamos ese diñeiro, quere dicir que na situación que estamos no Concello, haberá que retomar todo esto, xa que en asesores a parte do capataz que tamen se lle dá



unha contía o mes, estamos a falar de catro asesores e medio este Concello non pode soportar, e hai persoal innecesario que hai que revisar, o mellor en algúns servizios haberá que poñer unha persoa máis, pero en outros servizios haberá que recortar, e a situación a ten que ver todo o mundo, cal é o tema que nos o Plan de Axuste son 10 anos, os dous primeiros anos de carencia pero os próximos oito anos o Concello de Ares ten que pagar máis de 43.000 euros ó mes, do crédito este, máis o crédito que está xenerado, eso é unha salvaxado, porque este Concello os ingresos do Estado son 65.000 ou 70.000 e non ten prácticamente ningún ingreso máis, temos unha plantilla bastante considerable temos uns gastos considerables, temos unha serie de servicios, que temos que manter e que estivemos ampliando como pode ser a Piscina Municipal, como pode ser a Galescola, como pode ser unha serie de servicios que estamos incrementando e que o Concello de Ares ten que reconducir todo esto, e durante os próximos oito anos a xente que veña se vai atopar que van a ter unha carga de 43.000 euros ó mes ahí a pagar para devolver este crédito, esa é a situación económica do Concello e que temos que ver e responder dela, por eso digo que creo e dubido que se fiscalizan ben este Plan de Axuste que o aproben, según os técnicos municipais que están estudando esto din que ten que ir reconducido hacia o gasto corrente e o persoal, e no Concello de Ares non se toca ó persoal, e podemos ter algún problema por ahí, o que sí hai que reconducir o tema, ente Asesores e xente innecesaria, nos o dixemos antes das eleccións municipais, o levamos no programa electoral non nos escondemos de ningunha persoa no Concello, e o Concello de Ares, con 5800 habitantes non pode ter a plantilla que ten Julio, eso o temos que ver todos e temos que ser realistas coa situación, e puntualmente se hai que facer un traballo extraordinario e unha cousa puntual, encarga-la a unha empresa que se adique a eso, pero así en plantilla no capítulo 1 en nóminas o Concello de Ares non pode soportar esta situación, esta é a situación nos non podemos estar de acordo con esto porque non se retomou, o fundamental estábamos subindo a auga 7 centimos, 8 céntimos, pero no fundamental onde podemos aforrar ó ano, 20 ou 30 mil euros en persoal innecesario, ter unha plantilla, o recoñecemos na RPT, dar unha solución a eso, hai algún departamento que igual necesita xente, pero hai outros que non, co tema de axuda a domicilio que o sigo dicindo, hai lle temos que dar unha volta, porque está certificado o que había, e hoxe a xente ten que ser consciente que as familias teñen que facer un sacrificio, que a administración non é a panacea de todo o mundo, e que teñen que votar unha mán, todo o mundo temos que aportar neste, e as familias igual porque si non a Administración non poden con esto, e non se pode dicir a todo o mundo que sí, porque non da, eu tiña unha estratexia, eu ía o presupuesto e preguntaba se hai partida, e se non había se dicía que non se podía facer eso ata o ano,



hai que saber dicir que teñen que esperar ata o ano, nos vamos a dicir que non estamos de acordo no Plan de Axuste que se presenta.

O Sr. Alcalde: fixadas as posicións por parte de todos os grupos, e ratificada a urxencia da súa inclusión na Orde do Día, sometese a votación o Plan de Axuste, co seguinte resultado: 6 votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, e 6 votos en conta (4 PP e 2 BNG) e 1 abstención de NAL; á vista do empate na votación sometese novamente a votación con idéntico resultado, polo o Sr. Alcalde-Presidente, co seu voto de calidade, acorda prestarlle súa aprobación.

Punto núm. 4.- MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS ADAPTACIÓN O PLAN DE AXUSTE.

- O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que as razón da súa inclusión na Orde do Día, son as mesmas que as dos puntos inmediatamente anteriores, o traballo do Sr. Secretario que culmina o domingo, a necesidade efectivamente de presentar estar Plan de Axuste en plazo e o problema ou inconveniente da Folga Xeral, polo que acto seguido somete a votación a inclusión do punto núm. 4 na Orde do Día, e o Pleno do Concello por 7 votos a favor 6 PSdeG-PSOE e 1 NAL, 4 votos en contra do Grupo Municipal do PP e 2 abstención do BNG acorda ratifica-la súa inclusión na Orde do Día.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesías Farías: Hai unha modificación na taxa da recollida do lixo, aquí xa o dixemos da outra vez, habería que facer algo para que os supermercados non paguen igual que as carnicerías, en cantes os establecementos de restauración se volve a subir outra vez, entonces claro nunha situación como a que estamos, cando dixemos que se había algunha industria en Ares, que era o Sector de hostelería, e que non lle facemos ningunha medida para que nestes tempos de crise, poidan afronta un pouco mellor esto senón que se lles volve a subir a taxa non nos parece moi lóxico. Hai unha subida lineal tamén no que son as escolas deportivas, e culturais e nos entedemos que pode ser un agravio comparativo con algunha xente que o está pasando mal, non entedemos tampouco que teña que ser en todas as escolas, e en todas as actividades. E co respecto as prazas se fala da amortización dunha praza.

Resposta o Sr. Alcalde, no tema da recollido do lixo, o esforzo cos establecementos de hostaleria, un establecemento de hostalería e restauración pagaba 188 casi o doble que un veciño, e non se lle sube o doble que o veciño, e dicir o



veciño paga 94 e se lle sube a 106 e dicir 12 euros, o bar ou o restaurante paga 188 e dicir o doble e non se lle sube o doble se lle sube o mesmo, o esforzó xa se fai, e dicir o do bar se lle suben 12 euros como a túa casa ou a miña, como vedes a subida non é progresiva, se a quen pagan 90 se lle suben 12, a quen paga 188 que é o doble se lle tiña que subir o doble e non é así, e incluso os establecementos de alimentación efectivamente nin siquera tampouco se lle sube o doble, se lle sube o que se lles sube os veciños e a metade, e dicir se lles suben 18, os establecementos que teñen que suber con supermercados e demás, a subida e de 18, tampouco e o doble o doble son 24, en consecuencia claro que se ten en conta, se non se tivera en conta se mantería unha progresividade matemática, e non se manten a progresividade matemática, en consecuencia a quen paga 207 se lle tería que subir máis do doble, e non se lle suben so 18 euros. As escolas deportivas, sabes que ningun queda fora das escolas deportivas por ter unha situación económica efectivamente complicada, entonces tanto co anterior Alcalde como agora, hai familias, que mandan os nenos e non pagan porque non poden, entonces efectivamente son taxas que so vai a pagar que pode, quen non pode non as vai a pagar, nestes momentos mantemos familias con nenos usuarios da ludoteca con outros servicios que non os pagan, e co anterior Alcalde xa se tomaban esas medidas, e como dicia non vai a quedar ningun sen ir as Escolas, porque quen non pode pagar 6,81 euros pois tampouco vai a pagar 8,51 euros, entonces é evidente, que si non podían pagar 6,81 esta claro que 8,51 tampouco, pero loxicamente é unha subida que ven delimitada polo Plan de Axuste, o Plan de Axuste te esixe reducir eficientemente o déficit o cal esta casi no 48%, casi a metade das escolas deportivas é de aportación municipal, e con esta subida tratamos de baixar este déficit, en lugar do 48% pasará o trinta e pico ou coarenta, baixamos 10 puntos o déficit, igual que en axuda a domicilio, en axuda a domicilio para que non houbera déficit, a hora debería de ser a 24 euros, pero bueno non optamos por reducir o déficit, por eso so subimos 6,33 e 3,17 en dependencia, e dicir baixamos o déficit ó trinta e pico por cento, melloramos loxicamente esa proporción que o Ministerio de Facenda non lle vai a pasar desapercibida, que hai un esforzo para reducir o déficit, agora ¿se elimina o déficit? En axuda a domicilio non, en Dependencia non, en escolas Deportivas non, no Pavillón deportivo tampouco, e dicir no Pavillón deportivo lle pagamos a quen o xestioná 41.000 euros, non se recadan esos 41.000 euros alugueros nunca, pero ahí hai un drama engadido, o maior coste e polo seu uso en horario escolar, competencia que non é municipal, resulta que un neno que vai a matemáticas o Concello non lle paga o libro, un neno que vai a ximnasia hai que pagarlle as canastas, as pelotas, o pavillón, e a Consellería de Educación pasa de todo, de onde veñen efectivamente as contas, pois moitas veces veñen do que se deixa de pagar,



entonces claro temos o pavillón adicado medio día a actividade escolar, e a Conselleria nón pon un peso, cando se rompe a canasta o pagamos nos, entonces como recuperamos eses 41.000 euros, nunca, entonces non podemos eliminar o déficit, primeiro en algunas ocasións por que sería levar os prezos prácticamente a supresión do servicio, porque se ti os incrementar considerablemente é como si eliminaras o servicio, porque non se ia matrícular prácticamente ninguen.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Nos pouco vamos a intervir porque xa falamos todo no Plan de Axuste, pero si deixar claro como xa dixemos anteriormente a subida das escolas municipais, subida da taxa do lixo, eu votei de menos aquí na documentación que por parte do Secretario Interventor, viñese a valoración dos servicios, e tanto por cento de endebedamento dos servicios que dan endebedamento.

Sr. Alcalde eso o teño eu despois o faigo chegar.

Sr. Manuel Cendán: No tema das actividades culturais e deportivas, habería que comprobar a asistencia, porque igual hai algunas que teñen unha asistencia mínima e se esta derrochando, eu o digo porque na miña época de Alcalde había algún servizo que se daba para unha ou duas persoas, e agora non se pode dar, cando hai outras escolas que dan superávit, como pode ser o futbol un par de escolas que daban superávit, co tema do colelio si que estamos de acordo xa o dixemos bastante veces e eso xa é un debate histórico, nos Concellos cae tado, cada administración debe facerse responsable das súas competencias e non os Concellos, os Concellos non poder dar más servicios e falando desto, eu cando foi o tema que nos diron a Escola Informática xa daquela xa o dicíamos, e impresentable e máis agora nun país que esta en crise económica, que teña un aula informática o colelio que se utilice medio día e que polas tardes o Concello teña que dar ese servizo, é lamentable cando o final sae o diñeiro de todos os lados e aparte son os mesmos, vai a ir algunha persoa maior pero o 90 por cento van a ser os mesmos, e é lamentable, a administración tiña que tomar medidas con todo esto, non pode o Concello ter un monitor ahí un informático, e ter unha inversión, cando ese mesmo servizo esta no colelio, entonces haberá que retomar e que facer por parte da FEGAMP, da administración da Xunta de Galicia e o Estado haberá que tomar medidas, porque o final os que hai que atender son os mesmos nenos, creo que é lamentable que eso é así, e que os Concellos non poden, pero nos vamos a ceñir o punto do Pleno que figura na orde do día, que nos como dixemos anteriormente subir décimas e subir centésimas, cando se pode ir ó tronco do problema, e sensibilizar e desafogar a economía municipal, o subir impostos o



dixemos hai un mes co presuposto, e debido a crise que hai o que vai levar que se vaia a recadar menos, vaise recadar menos porque a xente vai a incrementar o impago por desgracia, e poden vir os problemas porque a Deputación sabemos como é, vaise a xerar unha situación bastante lamentable e que desde o Concello temos que ter consciencia de que eso vai a ser así, o Concello sube os impostos pero vai haber un impago non por esto, senón porque a xente o está pasando mal, temos que ter en conta porque eso vai a pasar, nos poderiamos estar de acordo en algún tema puntual, pero a situación de Ares non pasa por subir os impostos, algún servicio que sexa moi deficitario habera que darrle unha subida, pero o concello non pode subir todo, en definitiva nos vamos a votar en contra porque non se va ó tronco do problema, andase polas ramas e por eso non o vamos a votar.

O Sr. Alcalde que una vez fixadas as posicións dos grupos, vai a dar uns datos para que os teñades, no lixo a desviación era do 9,4%, entoncés se elimina coa subida dos 12 euros, no auga era de 200.000 euros, se supón que coa subida do ano pasado se elimina pero a subida do ano pasado se aplica este ano, ainda non vimos o que loxicamente da de sí, pero evidentemente sabedes que se fixo a subida para eliminar ese déficit. Axuda a Domicilio o déficit é do 60,3% agora efectivamente se reduce un pouco, axuda a domicilio se sube 6,33% e Dependencia se sube 3,17%, e dicir prácticamente queda igual, Escolas Deportivas e Culturais o déficit é do 48%, entoncés eu creo que efectivamente se baixa ó 30%, claro o Pavillón Polideportivo son 41.000 euros ó ano, eso non o amortizamos na vida, como o amortizaríamos se o colexiu pagara as horas de uso escolar, se o colexiu paga a mitade da xornada de uso escolar, poderíamos amortizar. Fixadas as posición e aprobada a ratificación da inclusión deste punto na Orde do Día, sometese o asunto a votación e o Pleno do Concello por 6 votos a favor (6 PSdeG-PSOE) 6 Votos en contra do Partido Popular 2 BNG E 1 abstención do NAL,sometido novamente a votación á vista do empate reflexase o mesmo resultado, polo que a Alcaldía-Presidencia co seu voto de calidade acorda prestarlle a súa aprobación a Modificación das Ordenanzas Fiscais para a adaptación ó Plan de Axuste, e en consecuencia.

1º.- Aprobar inicialmente a Modificación das Ordenanzas Fiscais para súa adaptación o Plan de Axuste.

2º.- Someter o presente a información pública polo período de trinta días mediante publicación de anuncio no B.O.P. de conformidade do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse reclamacións.



CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia procede a dar conta das Resoluciós adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Interven o Sr. Mesias Farias pregunta pola resolución da Alcaldía núm. 4/12 relativa o Aula do Mar, ¿Cómo esta eso?.

Resposta o Sr. Alcalde que o día 31 de marzo termina, con o que Aula do Mar estaría operativa, e estamos negociando convenios coa Universidade de Santiago, para su cesión á Estacación de bioloxía de A Graña, co Clube Nautico para seu uso efectivamente en Regatas e demais actividades deportivas, co clube de remo para o mesmo uso, sobre para traladar os tribuanis e xuices en regatas, e tamén efectivamente temos previsto adicarilo a colexiós e a Centros de Maiores para facer saídas divulgativas, e en principio efectivamente o 31 de marzo estaría lista, o barco efectivamente está prácticamente listo faltan traballos de interior e o 31 de marzo ten que estar, bueno se non é o 31 é o 10 de abril, nunhas semanas está perfectamente operativo e se porá a disposición de outros organismos para seu uso. Se baralla a posibilidade de asinar convenios de colaboración con outros Concellos, sobre todo para o período estival e en principio o tema se cumprimenta con todos os trámites que están previstos.

Sr. Mesias Farias, pregunta por outra Resolución da Alcaldía que non ten número, contratos prorrogas, unha proposta do Concelleiro de Persoal relativa a necesidade de prorrogar contrato xustificado na necesidade de rematar traballos e na necesidade de continuar co normal desenvolvemento de servicios municipais.

Resposta o Sr. Alcalde que había duas persoas que efectivamente estaban desenrolando un traballo de numeración de viviendas.



Sr. Mesias Farias, non aquí di suscríbase o perceptivo contrato laboral a D. Carlos Amenedo.

Sr. Alcalde e o conductor da pala excavadora, sen este contrato non hai pala, entonces a pala non pode estar parada, a pala foi unha gran inversión por parte do Concello e a pala ten que estar operativa todo o ano e facendo traballo, entonces efectivamente a pala estaba abrindo cunetas en Cervás e Chanteiro, e non vamos a deixar os traballos a medias e non vamos a deixar a pala parada, entonces efectivamente se fai esta resolución e logo xa se normalizará o que se teña que normalizar pero a pala non pode estar parada nestes momentos, este home se remata contrato e se vai a pala queda parada, encontes como estábamos abrindo cunetas, non chove nin nada e decidimos rematar os traballos.

Interven o Sr. Manuel Cendán, con respecto a esto me estou fixando eu aquí, esta resolución que acaba de decir o voceiro do BNG, hai unha serie de resolucións que son asinadas polo Alcalde exclusivamente e non ven a sinatura do Sr. Secretario, como pode ser eso.

Resposta o Sr. Alcalde, que para asinar esas Resolucións o Sr. Secretario fixo un informe en donde efectivamente consideraba que as razóns de excepcionalidade podían xustificar a prórroga. Todas as resolución da Alcaldía teñen un informe técnico, os informes nunca viñeron.,

O Sr. Manuel Cendán, pregunta o Sr. Secretario cal é o motivo polo que non ven a súa sinatura.

Resposta o Sr. Secretario, que o non me a poñen para asinar.

O Sr. Alcalde di que hai, por exemplo a número 60, que é unha oferta de emprego á oficina do INEM, a dos servicios mínimos tampouco, e dicir veñen más, si é certo que veñen bastantes más.

O Sr. Secretario di que depende de quen as faga, o valor e o mesmo as asine eu ou non.

O Sr. Manuel Cendán, a míñ me extraña porque o que ten que dar coñecemento da Resolución é o Secretario, ten que dar fe e intervir, a míñ extraña porque eu é a primeira vez que vexo esto, que ven unha Resolución coa única sinatura do Alcalde.

O Concello Pleno dase por enterado.



Punto núm. 6.- MOCIONS E PROPOSTAS.

a) MOCIÓN : NAVANTIA: CARGA DE TRABALLO.

Dase conta da Moción de NAVANTIA: Relativa a Carga de Traballo, do seguinte teor literal:

"Diriximonos a vostede para transmitirlle de primeira man cal é a situación pola que está atravesando a nosa empresa, pero antes queremos facerlle un breve resumen do que representa esta para os concellos nos que se asenta, cal é a súa incidencia na creación de emprego e na xeración de riqueza nas comarcas de FERROLTERRA-EUME-ORTEGAL.

NAVANTIA é unha empresa de referencia non só a nivel nacional senón tamén a nivel internacional. Somos capaces de competir con outros estaleiros do mundo non só en prezo senón tamén en calidade e prazos de entrega. Proba delo é, por exemplo o acordo asinado con Noruega para a construción de 5 fragatas que supuxo case 10 anos de traballo e unha facturación de 1.100 millóns de €, onde competimos cós mellores estaleiros, sendo ata aquel momento o maior contrato de exportación militar de España.

No ano 2007 fomos quen de levarnos un dos maiores contratos internacionais de construción de buques militares, impoñéndonos a estaleiros como o estadounidense (Gibbs and Cox) ou ó francés DCN. Trátase do acordo firmado con Australia para construción de 2 megabuques e o deseño de tres destructores, o cal significou un contrato de 1.300 millóns de Euros.

Os dous exemplos anteriores deben de ser suficientes para deixar claro que somos unha empresa que competimos cós mellores estaleiros do mundo, e en moitas ocasións os superamos.

Ademáis de ser unha referencia a nivel mundial somos un piar fundamental da comarca. En Ferrolterra o naval representa o 40% dos empregos do sector industrial. No ano 2011 en Navantía Fene-Ferrol traballamos unha media de 5.500 persoas entre a plantilla principal e a da Industria Auxiliar, e creáronse preto doutros 12.000 empregos, ou dito doutra maneira, unha plena ocupación dos estaleiros dan traballo a máis de 17.000 traballadores na comarca. No ano 2010 case o 3,5% do emprego de toda a provincia de A Coruña xerouse en Navantía e a súa produción supuxo o 3% do PIB da provincia.



Pero ó naval ferrolán se lle acaba o tempo. Ou se conseguem novos contratos con urxencia ou a partir do verán nos veremos inmersos na maior crise da nosa historia. A partir de entónces só nos quedaremos coa construción do último buque para a armada australiana. Só no último medio ano xa se destruiron máis de 700 empregos na industria auxiliar e ao longo desde ano pódense perder máis de 1000 só na construción naval, sen ter en conta o sector de Reparacións ou o de Turbinas, e a finais de ano podémonos atopar con talleres completamente pechados, unha situación nunca antes vivida en Navantia.

Non podemos esperar un día máis. É no ámbito político onde se teñen que tomar medidas ao respecto, **a construción do dique flotante** daría ocupación case de inmediato precisamente ós centros que nos estamos quedando sen carga de traballo. Estamos a falar dunha obra que suporía unha ocupación para case que 1000 persoas durante máis de 2 anos e, unha vez construído, o mesmo permitiríanos entra nun novo tipo de mercado de reparacións de buques ao que hoxe non podemos acceder por non dispor dunha infraestructura das características como a que estamos a demandar.

Adeuar as nosas instalacións, ademáis de servir para ser máis competitivos tamén na Área de Reparacións Fene-Ferrol, hoxe é unha prioridade que suporía poder aumentar o emprego no departamento de Carenas e máis de 600 persoas de maneira indefinida.

Ante a situación xeral de crise e o particular escenario no que nos atopamos os Centros de Navantia na Ría de Ferrol, e cando estamos a falar dunhas Comarcas desa Comunidade Autónoma onde o paro afecta a case que 20.000 persoas, ningún goberno pode situarse ó marxe, nin permitirse o luxo de renunciar á creación de 600 postos de traballo.

Esiximos se cumpran os compromisos que a día de hoxe seguen pendentes de execución, entre os cales se atopa a construción da 6ª fragata (F-106) ou buque similar, para a Armada Española.

Reclamamos do Goberno Central unha maior implicación nas accións comerciais que está a realizar a empresa. Son uns contratos de semellantes contías económicas que sen o apoio do Goberno son difíceis de conseguir. Isto sábeno ben os países como Francia –onde o apoio de Sarkozy foi determinante no acordo para a construción de 2



megabuques para Rusia-, ou Alemanía que fixo o propio para quedar na fase final do concurso (lista corta) de cara á contratación do ALHD para Noruega.

Navantia ten que desenvolver tódalas súas capacidades produtivas sen ningún tipo de restriccións políticas.

O futuro da empresa, a supervivencia dos estaleiros públicos da Ría de Ferrol e tamén o porvir económico da zona, dependen, e moito, de conquerir ou non o que estamos reivindicando, CARGA DE TRABALLO XA.

Estas son as prioridades é a razón pola que nos diriximos a vostede, para, entre todos, propiciar que os gobernos, que son quen teñen obrigas políticas e capacidade económica para intervir, muden de actitude e resolván favorablemente á difícil situación pola que estamos a pasar.

Agradecidos de antemán pola súa receptividade e boa disposición, xa por último SOLICITAMOSLLE que:

1.- Transmite a seus concidadáns e institucións socias do seu ámbito o motivo do noso paso polo seu Concello.

2.- Xunta á Corporación que preside, acorden e transmitan á Xunta de Galicia e a o Goberno de España resolución de apoio as nosas inquedanzas, para que se dote de carga de traballo de xeito inmediato aos estaleiros da Ría e así poder manter e mellorar o nivel de emprego na Comarca.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.”

Sometida a votación a Moción o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

b) MOCIÓN PSdeG-PSOE: 8 DE MARZO.

Dase conta da Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do seguinte teor literal:

“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal



Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCION:

Conmemoramos o Día Internacional das mulleres nun momento complexo e difícil. A crise global e a súa xestión están aumentando as desigualdades no noso país mentres crece a inquietude sobre o futuro das políticas de igualdade e o seu alcance na vida cotiá de homes e mulleres.

Un dos cambios máis importantes que se teñen producido na nosa sociedade nas últimas décadas ten sido a evolución da situación das mulleres e o avance da igualdade, un feito que ten situado ao noso país na vanguarda europea. Hoxe as mulleres teñen unha maior presenza na vida económica, social e política, grazas ao seu esforzó individual e colectivo, que ten sido compartido pola sociedade e acompañado por políticas desenvolvidas polas distintas administracións públicas.

Nos últimos anos, vimos avanzar a lexislación sobre igualdade. Realizacións como a Lei de Protección Integral contra a violencia de Xénero, a Lei para Igualdade, a Lei de Saúde Sexual e Reproductiva e da IVE, o Plan Integral de Loita contra a Trata de Seres Humanos, etc.., estiveron acompañados de importantes avances en dereitos sociais plasmados na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia e o impulso de Plans, programas e recursos de atención integral ás mulleres. As políticas de atención social e rendas para combater a pobreza tiveron como destinatarias ás mulleres, principais vítimas da exclusión social, e o incremento das pensións mínimas nos últimos anos melloraron a calidade de vida de moitas mulleres maiores.

O avance en dereitos individuais e o desenvolvemento do Estado de Benestar acompañaron ás mulleres e aos homes do noso país no seu proxecto vital. A pesares das dificultades, non podemos permitir que este proceso avance, que é positivo para a sociedade no su conxunto, sufra retrocesos nin se paralice. Creemos necesario defender e manter conquistas adquiridas e seguir impulsando actuacións que fagan efectivo o dereito a decidir, a protección eficaz fronte á violencia de xénero, a igualdade no emprego, a igualdade salarial e o dereito á conciliación, en definitiva a igualdade efectiva de mulleres e homes.



Ademáis debemos reforzar os servizos do Estado de Benestar, a educación, a sanidade, os servicios sociais, as pensións, que foron decisivos para mellorar a vida das mulleres. Non só impulsaron a súa participación social senón que ademáis converteron en dereito de cidadanía o coidado das persoas. Tradicionalmente as mulleres ocupáronse en exclusiva do coidado, e o fixeron a costa das súas expectativas e o seu desenvolvemento persoal, social e profesional.

A igualdade é un dereito de cidadanía que ademáis de reforzar a cohesión social garante a eficiencia económica, xa que o aproveitamento de todas as capacidades proporciona resultados positivos para toda a sociedade.

So poderemos avanzar nunha sociedade eficiente dende un modelo que recoñeza todas as capacidades, que aproveite o coñecemento e os recursos de todas as mulleres e homes e que afronte a crise de xeito activo.

Con esta ambición pola conquista dunha sociedade que incorpora a igualdade efectiva en todas as súas actuacións, e co compromiso de facer da igualdade un principio reitor de todas as nosas políticas, o Concello de Ares aproba a seguinte **MOCION:**

-Impulsar a presenza das mulleres no emprego e o mercado de traballo garantindo a igualdade no acceso e no salario, conscientes de que dita igualdade é imprescindible para relanzar a nosa economía, contando para elo cun instrumento como a Lei para a Igualdade.

-Apoiar as iniciativas emprendedoras das mulleres.

-Apostar por políticas que garantan o dereito á conciliación da vida profesional, familiar e persoal de homes e mulleres, con medidas que promovan a flexibilidade dos horarios de acordo á necesidades de conciliación das persoas.

-Recoñecer e apoiar as iniciativas das mulleres no ámbito rural.

-Ampliar a rede municipal de servizos e apoio as mulleres vítimas da violencia de xénero.

-Loitar contra a feminización da pobreza e a exclusión social apoiando ás mulleres en situación de vulnerabilidade, especialmente ás mulleres maiores e as que son responsables de familias monomarentais.

Así mesmo, este Concello reclama ao Goberno da Nación a que:



- Manteña o dereito das mulleres a decidir sobre a súa saúde sexual e reprodutiva, de acordo coa Lei de Saúde Sexual e Reproductiva e da IVE, facendo este dereito efectivo en todas as CC.AA.
- Modifique o decreto de medidas urxentes para a reforma laboral, a fin de garantir o dereito á conciliación así como as medidas que fagan posible a igualdade no emprego, a incorporación das mulleres a todos os postos de responsabilidade, á igualdade salarial, tal e como establece a lei.
- Impulse os servicios do Estado de Benestar relacionados co coidado e a atención a todas as persoas que o necesitan, especialmente menores, persoas maiores e en situación de dependencia.
- Promova a igualdade real e efectiva en todas as políticas públicas e na sociedade.”

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farias: Nos vamos a apoiar pero entendemos que ven un pouco fora de prazo.

O Sr. Manuel Cendán: Eu xa dixen na Xunta de voceiros, se hai unha Declaración Institucional xa sexa da Deputación da FEGAMP pois nos sumamos a ela e punto, nos na primeira parte da Moción estamos de acordo, e na segunda parte hai que matizar algunas, polo que o mellor sería aprobar unha declaración institucional, acollernos á da FEGAMP, e é suficiente.

Sometida a votación a Moción, o Pleno do Concello por 9 votos a favor (6 PSdeG-PSOE 2 BNG e 1 NAL) E 4 abstención do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á Moción.

c) MOCIÓN PSdeG-PSOE: REFORMA LABORAL.

Dase conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre a REFORMA LABORAL do seguinte teor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As disposicións contidas no Real Decreto- Lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, aprobado polo Goberno de España van a ter, no caso de que sexan aprobadas polas Cortes Xerais, consecuencias moi negativas sobre os dereitos dos traballadores.

1. A reforma pretende que o despido sexa a opción mais fácil para que unha empresa



mellore a súa competitividade. A reforma traerá mais paro: nun momento de recesión como o que estamos vivendo unha reforma laboral como esta, solo sirve para facilitar e abaratar o despido, para facilitar mais a destrución de postos de traballo, pero non para incentivar a contratación. Ademáis está pensada por un Gobernó que carece de unha axenda de reformas para impulsar o crecemento. O Gobernó solo ten unha axenda de axuste, de tripla axuste. Axuste presupostario, axuste de rendas de traballo (subida do IRPF) e axuste nos dereitos dos traballadores.

2. A reforma supon un retroceso dos dereitos dos traballadores porque:

- **Xeneraliza o abaratamento do despido a 20 días,** ao vincúlala a unha situación habitual no ciclo recessivo da economía, como é a *caída* durante tres trimestres dos ingresos (independentemente de que os beneficios aumenten).
- **Abre a porta a unha rebaixa xeral dos sóidos sen necesidade de acordó.** A reforma laboral reforzará o poder dos empresarios nas relacións de traballo. Terán mais doados modificar as condicións laborais ata o punto de que poderán baixar o soldo aos traballadores sen necesidade de acordó simplemente por razóns de competitividade ou productividade.
- **Crea un novo contrato con bonificacións que permite o despido libre e gratuito** durante o primeiro ano. Este contrato desvirtúa completamente o período de probas e pode provocar unha xeneralización de contratos formalmente indefinidos pero que, na práctica, non duren mais dun ano ou que conclúan os tres anos cando finalice as bonificacións.
- **Abre o camino dos despedimentos colectivos no sector público.** Esta reforma afecta a un millón de empregados públicos, porque non só incumbe aos que traballan nas empresas públicas, senón tamén ao persoal laboral contratado directamente polos concellos, as comunidades autónomas ou os propios ministerios.

3. A reforma anula a capacidade de negociación dos sindicatos para defender os dereitos dos traballadores.

Unha gran reforma laboral precisa do pacto dos axentes sociais para ser garantía de éxito. A que presentou o Gobernó facilita a inaplicación do pactado nos convenios ("descolgues"). Establécese un procedemento para saltarse o disposto nos convenios, similar, pero mais doados, que o que se pode usar para o despedimento por causas económicas. Suprime a autorización da autoridade laboral dos expedientes de regulación de emprego (ERE), co que se reduce seriamente a capacidade dos sindicatos á hora de negociar e se asume un risco engadido de xudicialización das relacións laborais.



En definitiva, a reforma laboral non vai resolver a grave crise que sofre a economía española e non vai rebaixar a alta taxa de paro existente. O que si vai suponer é unha degradación das condicións de traballo, un empobrecemento da poboación e un ataque á cohesión social.

A reforma proposta vai derivar en incremento do número de despedimentos e rebaixas nos sóidos dos traballadores que afectará moi negativamente ao consumo das familias, deprimirá a demanda interna e en consecuencia producirá diminucións do Produto Interior Bruto que á súa vez supoñerá máis desemprego.

A reforma é ineficaz, dende a perspectiva do emprego, porque favorece o despedimento e con el o aumento do desemprego. É inxusta, porque os traballadores perden dereitos e porque dá todo o poder aos empresarios sobre os traballadores creando ademais inseguridade nos traballadores.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

1. Pleno Municipal do Concello de Ares insta ao Goberno de España a presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei alternativo e pactado eos axentes sociais e as forzas políticas que teña como obxectivo a creación de emprego de calidade e a estabilidade no emprego.
2. O Pleno Municipal do Concello de Ares dará traslado da presente **Moción** ao Presidente do Goberno, á Ministra de Emprego, ao Presidente do Congreso dos Deputados, aos/ás Voceiros dos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e aos/ás representantes dos axentes sociais.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: O meu posicionamento vai a abstención porque estamos de acordo con parte da exposición, e con outra parte non, tampouco estamos de acordo coa Reforma Laboral na sua totalidad,e polo tanto o noso posicionamento vai a ser a abstención.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Fernandez Permuy, soamente facer unha petición, se se podía incluir nesa petición, a Retirada da Reforma Laboral. Instar a Retirada da Reforma Laboral.

Interven o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Nos vamos a votar en contra da Moción, posto que pode ser que non sexa a panacea a Reforma Laboral, pero o que esta claro



e conciso é que algunha medida hai que tomar, porque nun país onde hai 5.600.000 persoas no paro, e a situación lamentable tanto laboral como económico, por parte do Goberno algo se ten que facer, o non facer nada significa pasividade e seguir ó desastre, nos vamos a dar un voto de confianza o Goberno, porque creemos que algo hai que facer por este país, por esta situación precaria que están a padecer cinco millons trescentas mil persoas, non hai pero lacra que estar en casa e non ter un dereito fundamental como é o do traballo. Creo que algo hai que facer, o goberno toma esa responsabilidade os frutos se veran a medio prazo ou a corto prazo. A base da Reforma Laboral hai que facela e así o din todos os indicativos da Unión Europea así como do outro bloque importante como é os Estados Unidos, haberá que probar e ver os seus frutos, e fundamental facer algo porque a situación é precaria, nos creemos que o non facer nada e seguir así non conduce a nada, conduce a máis paro, este mes sigue incrementando o paro, incrementando o desaste, e creo que algo ten que facer o Goberno, o que toma se equivoca, pero e mellor equivocarse que non facer nada, nos vamos a votar en contra da Moción.

Fixadas as posicións, votase a emenda, de inclusión como punto 2 da Moción “Instar a Retirada da Reforma Laboral”, e o Concello Pleno por 8 votos a favor 6 PSdeG-PSOE e 2 BNG, 4 votos en contra do PP e 1 abstención de NAL, acorda prestarlle a votación a emenda.

Acto seguido sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por 8 votos a favor 6 PSdeG-PSOE 2 BNG, 4 votos en contra do Partido Popular e 1 Abstención de NAL, acorda prestarlle a súa aprobación á Moción.

Seguidamente e antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, se os Voceiros teñen algunha Moción para presentar pola via de urxencia.

Non se presenta ningunha.

Punto núm. 7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Sr. Fernandez Permuy, eu xa o dixen en varios Plenos, hai unha zona subindo hacia as Escolas, aquela zona converría a súa reparación canto antes, porque sobre todo os días de choiva está desastroso, e agora ainda que non chove hai unhos baches alí que van os rapaces pequenos, e non é a primeira vez que algún cativeiro cae.

Eso por unha banda e por outra banda, a Estrada que vai de Cervás a Chanteiro, nas curvas más pechadas hai un bache, que conviña dar conta a Deputación para que o amañara, porque moita xente o que fai e esquivalo e se mete no outro carril.



Interven o Sr. Mesias Farias, a semana pasada tivemos coñecemento da Sentenza sobre o do Censo, no cal a nosa posición xa a fixemos pública, a respecto das dimisións e dos pasos que se deberían dar, entonces a nosa pregunta é ¿logo de participar vostede na denuncia e pedir a imputación de Luis Cendán, considera vostede que debe vostede manterse na decisión de nomear a Luis Cendán Concellleiro Delegado do PXOM, e a manter na praza de Asesor, a unha persoa que tamén sae na Sentenza como parte do pastel, e considera que debe cambiar do seu posto de traballo a outra persoa que saiu condenada que foi a Secretaria?.

Resposta o Sr. Alcalde, que a denuncia que fixemos polo tema do Censo, a fixemos creo que xuntos, e supoño que a verías, como comprenderas non denunciamos a ninguen denunciamos unhos feitos, en consecuencia nesa descripción de feitos, unha vez comprobados os mesmos esta claro que non é responsable, ¿de onde xurden os responsables? As altas censais tiñan a letra dunha funcionaria, e hai suficientes testigos de que efectivamente o censo o levaba un funcionario, logo se foi debaixa e pasou a lévalo unha funcionaria, e logo loxicamente hai unha Alcaldía Presidencia, que efectivamente tuvo que dar as explicacións oportunas, tivo que ir a Coruña a dar non sei cantos de baixa, e bueno pois efectivamente non foi suficiente e o condenaron, entonces eu creo que fixemos UPARES, o PSOE e o BNG, polo menos a nivel xudicial, porque eu me presentei por primeira vez no 2003, e efectivamente as primeiras denuncias foron administrativas, tanto UPARES como o BNG presentaron escritos no Concello, eu non presentie ningún escrito no Concello, eu presentei un escrito xunto co BNG e UPARES no Instituto Nacional de Estadística e na Fiscalía, loxicamente a indagación sobre os responsables foi a través dunha investigación da Garda Civil, se lle deu traslado da mesma á instrucción a que deu lugar a denuncia, pero nos Emilio se lees a denuncia describimos feitos, tantos censados nunha casa, tantos censados noutra casa, e eu na Casa de Luis Cendán non vin ningún censado, si na casa de Luis Cendán houbera xente censada tamén estaría sen dubida algunha denunciado, entonces hai que ver os feitos probados, efectivamente nos describimos unha realidade, e a realidade chegou a unhas indagacións xudiciais, e as indagacións xudiciais arroxaron un resultado, en consecuencia efectivamente a mí me consta loxicamente que hai dous condenados, non hai máis, evidentemente hai que poñer enriba da Mesa que a sentenza non é firme, e que loxicamente hai un dereito a unha segunda instancia no ámbito da Audiencia Provincial, o que si deixa clara a sentenza e que destrueu a presunción de inocencia, os condenados teñen presunción de culpabilidade, e cando efectivamente a sentenza sexa firme a presunción xa é unha evidencia, entonces mentres non exista sentenza firme está claro que o que hai é unha presunción de culpabilidade, xa non hai presunción de inocencia, desde o meu punto de vista Manuel Cendán tería que dimitir, porque ten unha presunción de culpabilidade, e se a sentenza da Audiencia se ratifica, xa non é unha presunción é unha evidencia de culpabilidade, e en canto á funcionaria non vai a dimitir de nada, porque non é un cargo público, evidentemente nosoutros tomamos medidas desde o primeiro momento, e é que o traballo desa funcionaria esta supervisado efectivamente por unha persoa da que



depende, entonces para min Mayobre é de total confianza e todo o que fai Montse o supervisa Mayobre, si eso non é tomar medidas, agora que fago, que outra medida podo tomar, cal é a medida a mando de conserxe ó colexio, a mando a Nave Almacen, ou a barrer, cal é a medida, cal e a alternativa, si efectivamente sae do servicio que está facendo agora, a onde vai, hai que ser realistas e eu creo que efectivamente se cumpre loxicamente supervisando o seu traballo por un superior, eu creo que antes o superior era o Alcalde, e según quedou meridianamente claro no xuizo ella facia o traballo que loxicamente se lle asignou, e agora terá que facer o traballo que se lle asigne pero o supervisa evidentemente un funcionario, entonces está Mayobre que é que supervisa efectivamente todo o traballo e a min sen dubida algunha me parece que é un criterio razonable, e en consecuencia pois efectivamente está claro que ten unha dependencia clara de outra persoa que loxicamente supervisa o seu traballo, non foi inhabilitada para o exercicio da función pública, e dicir non hai ningunha razón efectivamente para non facelo loxicamente pois dunha maneira diferente.

Interven o Sr. Luis Cendán, por alusións quero respostar, en primeiro lugar eu non tería inconveniente se eu fora citado, por calquer tipo de irregularidade, me parece por outra parte ben a estratexia do Bloque canta más xente se involucré no tema moiñiso mellor, ese é un tema político a xente é a que ten que discernir toda esa información. Pero si me gustaría deixar claro, agora que estamos nun sitio público e vai a quedar grabado, eu son responsable de todo o que fixen, nunca tratei de ocultar a verdade, polo menos miña verdade, e neste aspecto quería deixalo claro unha vez por todas, eu se son culpable de algo neste tema, precisamente a persoa que fixo o delito gordo, que vos deu a información con respecto o Bloque e que ademáis foi condenado polo INE a pagar a cada portador que utilizara esa información, non abrirlle expediente, eu como responsable en aquel momento cando se veu a amenazar abaixo, eu si son responsable de non abrirlle expediente e apártalo de función e emprego a esa persoa, que ademáis eses datos se vos deu a vosoutros, se vos asesorou a vosoutros, e se os condenou, eso si que houbo unha condena os tres grupos que presentaron a denuncia, e ademáis tivechedes que aboar unha parte deso, entonces no resto eu non vou a eludir ningunha responsabilidade, as cousas que queden claras, eu xa digo, xa vedes miña situación non vou a andar con voltas, e esa foi a situación real do asunto, a verdade e que unha información previlexiada dunha persoa se quita a público dandolle a información ó Bloque Nacionalista Galego, que foi o que fixo público esas fichas das altas e das baixas que no seu dia se fixeron públicas, e de hai naceu a denuncia, independentemente de que o resto está comprobado e non hai unha sentenza e asi o recoñece pero os datos son os que son, e son como eu os estou describindo e ademáis vosoutros esta información a sabedes, porque ademáis se vos condenou a todos por utilizar esta información, asi que aquí todo o mundo ten que rascar, os feitos son os que son, polo tanto agora é moi bonito vir aquí políticamente e dicir que eu estou metido no allo, me parece moi ben, podedes pedir moito máis, pero a mí o xuiz nin o Fiscal me acusou de nada, nin me citou a declarar, eu neste aspecto non tiven nada, e si tiven algo que ver foi en non abrir expediente porque a responsabilidade a tiven eu, e o que dixen nese momento cando se amenazou, cando se veu con a ameaza a Alcaldía de que si



abríamos expediente ia o Fiscal, total foi o Fiscal foi o Xuiz e foi a todo, e andiveron as fichas incluso cando se pasaron a máquina se veu a quitar fotocopia e eu teño noticias que ata hai poucos días se vos veu a asesorar como era o tema, antes de facer a declaración, polo tanto esos son os feitos e a miña responsabilidade, e eso quero que conste claro aquí neste Pleno.

O Sr. Alcalde Presidente: A acusación particular a compartimos ata o 12 de novembro, o día 12 de novembro o BNG designou outro abogado, que compareceu no xuizo o 13, e que eu saíba nosa acusación particular tampouco denunciou a Luis Cendán, entonces aquí as responsabilidades loxicamente as que hai, non me veñades a votar en cara o que non fixo o voso abogado, que pudo facelo, entonces si Luis Cendán efectivamente non está en vosa acusación particular, que me ves a mí a decir, eu compartiu unha acusación particular contigo e Luis Cendán non estaba nesa acusación particular, e cando vosoutros collichedes unha acusación particular privada, tampouco o pedichedes, que lle pides o Alcalde o que ti tampouco fixeche, e novembro ó 13 de decembro tivechedes un abogado para vos solitos, que cando rematou o xuizo, di conclusóns e fixechedes a vosas, entonces que votas en cara o que ti non fixeches, parece un pouco forte.

O Sr. Mesías Farías: Eu non sei que manía hai de darlle volta as cousas, e non centrarse no que eu digo, vou leer: Diario de Ferrol “su letrada Emma Gonzalez, refiere a letrada da acusión BNG, PSOE, UPARES anuncia que presentará hoy en ultimo día de plazo un escrito solicitando la reforma de auto de procedimiento abreviado y la practica de nuevas diligencias de prueba, en concreto pide o Maxistrado Instructor que cite a declarar como imputado ao Tenente de Alcalde de Ares, Luis Cendán hermano gemelo del regidor”. Eu agora non me estou referindo a Sentenza Xudicial, eu me estou referindo a unha responsabilidade política de que supoño que todos saberemos daquela estaba, así o pensábamos, e así a acusación que foi compartida PSOE-BNG-UPARES acordamos de presentar eso que presentou a Letrada Enma González, que supoño que sería a que levaba o caso, eu non estou dicindo que este home teña que estar imputado, unha cousa é a Sentenza Xudicial que condena o anterior Alcalde e a funcionaria, e outra cousa é saber como foron os feitos, acaso non sabemos que había más xente implicada, acaso non sabemos non leímos a Sentenza e vimos o que poñía, nos están os datos na Sentenza, eu non dicindo que teñas que condenar a Luis Cendán, porque a Sentenza non o condena, eu so preguntei se consideras normal logo de opinar o que opinabas ó respecto de Luis Cendán, que é o mesmo que opino eu a día de hoxe porque non cambiamos de opinión se se deberá manter nese posto de responsabilidade, e o respecto de Monserrat quero dicir que é unha funcionario que non esta de Responsable do Censo ou o Padrón, pero se lle pode mandar a outra, e o BNG como é loxico se leva tres anos dicindo que saque a esa señora que está imputada, que se lle cambie, nos non criticamos que a condena non lle retire o posto de traballo, nos o que dicimos e que quedou probado que esta señora participou



tamén nesta sentenza, e a onde a manda, pois mire que non hai sitios para mandar unha administrativa, eu non estou dicindo que haxa que condenar a Luis Cendán, o que estou dicindo que se pediu unha imputación daquela o pedimos os tres, e nos seguimos na mesma postura, dicimos que houbo máis xente implicada e unha cousa é a condena xudicial e outra cousa é a condena e a valoración política.

O Sr. Alcalde: bueno xa te respostei, e xa dixen efectivamente eu son consciente de que describin feitos, e efectivamente eso é o que eu denunciei, e deses feitos se acreditaron os suficientes, para que houbera duas condenas, se condenaron a Manuel Cendán e se condenou á funcionaria, nese sentido nos correspondente facer unha valoración, eu a fago, a Sentenza di o que di e extraer consecuencias más ala dela, claro que o facemos, porque o facemos todos, e nese sentido, Luis Cendán formou parte dese goberno, e o digo que foi unha forza política que ante unha necesidade plantexada por esta Alcaldía de que Ares necesita un Plan, loxicamente esa forza política colabora, e vamos a facer o Plan de Urbanismo, porque Ares o necesita e esta claro que hai un obxectivo meridiano en defensa dos intereses dos Aresanos, e nese sentido hai unha colaboración clarita transparente, onde todas as consecuencias están á vista de todos e o Plan de Urbanismo loxicamente no seu momento virá a este Pleno e loxicamente se someterá a consideración e votación por parte de todos os Concelleiros. E a funcionario sigo dicindo que ten loxicamente unha persoa supervisando o seu traballo, entónces ti dis que sobra traballo de administrativos, dime en donde, a suba a Alcaldía.

Sr. Mesias Farias non estaría mal.

Sr. Alcalde, hai persoal de confianza o anterior Alcalde tivo o seu e eu teño o meu, hai unha diferencia eu non fixen funcionario a ninguen, aquí houbo persoal de confianza da anterior Alcaldía que está aquí, que segue aquí, cando se deberían tir ido co anterior Alcalde, a min nese sentido reproche ningún, hai unha persoa que a inhabilitaron para cargo público pero non para o exercicio profesional, porque eu vou a ir máis alo da Sentenza, o xuiz a quitou do seu posto de traballo, entónces porque a vou a quitar eu, en primeiro lugar porque non quero unha denuncia por acoso, porque si o xuiz non a quita do seu posto de traballo e a quito eu, vou a ter unha denuncia por acoso laboral, a sentencia a manten no posto de traballo e o Alcalde dicta unha pena accesoria, como a xustiza é incompleta eu a condeno a que deixe seu posto de traballo, eso eu creo que non se pode facer, o que si podo facer en función das miñas facultades de auto-organización delimitar efectivamente o funcionamento, e o fixen lle puxen a Mayobre, pero non podo poñer penas accesorias.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta e seis minutos do día o comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



CONCELLO DE ARES

(A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E